

## CABRA GALEGA – Reunión co Subdir. Xer. de Gandería

Onte, 15 de marzo de 2011, tivo lugar a primeira reunión de traballo entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Criadores/as da raza Cabra Galega. O presidente, Salvador Ronda Citores, técnicos e membros da xunta directiva da asociación tiveron unha entrevista de máis dunha hora co Subdirector Xeral de Gandería, D. Manuel Castro-Gil Amigo.



669 128 946 – 622 179 370

Nesta primeira reunión compartíronse impresións sobre a próxima publicación no DOG do patrón racial da Cabra Galega. Por outra parte o Subdirector Xeral coincidiu na utilidade das liñas nas que a asociación está a traballar desde a súa constitución (27 de febreiro de 2009):

- Divulgación entre os gandeiros e o público xeral da raza, do seu estándar e da súas aptitudes
- Apoio os cabreiros como factor de desenvolvemento rural
- Prioridade de manter e fomentar a presenza da cabra como sistema productivo viable e xerador de recursos
- Necesidade de traballar coa raza para manter e fomentar a súa produtividade

Dende a asociación salientáronse os datos da evolución xeral do censo de cabrún en Galicia (táboa seguinte):

### Evolución do censo Cabrún en Galicia

Cabezas	2006	2007	2008	2009
A Coruña	5.649	6.063	5.812	7.137
Lugo	20.815	21.014	21.627	22.532
Ourense	15.185	18.601	18.977	17.167
Pontevedra	5.871	6.139	6.377	6.724
<b>Galicia</b>	<b>47.520</b>	<b>51.817</b>	<b>52.793</b>	<b>53.560</b>

Datos: Anuario estatístico MARM

Estes datos amosan que o sector, aínda en época de crise, está a medrar. Isto incita a traballar con máis forza para que os/as cabreiros/as teñan a disposición, o antes posible, animais da raza Cabra Galega. Finalmente incidiuse nas moitas solicitudes de información e compra de animais que recibiu a asociación dende a súa presentación en Expolugo en outubro. A asociación estará moi atenta a estes puntos para facilitar que a raza chegue a todo gandeiro/a que a necesite.

## COMPRA – VENTA

- Mércanse 50 añas e 50 cabritas de recría – 617 334 464 – Monforte de Lemos (Lugo)
- Mércanse 10 cabritas de carne – 625 390 990 – Porriño (Pontevedra)
- Véndense rabaño de 80 ovelas con carneiros – 696 891 663 – Mesía (A Coruña)
- Véndese rabaño de 170 ovelas, para parir en maio, e material diverso (comedeiros, tolvas,...) 608 879 938 A Pastoriza (Lugo)
- Véndense 25 ovelas e un Border Collie macho de 3 meses – 630 941 854 – O Corgo (Lugo)
- Véndense dous mastíns leoneses adultos – 649 588 235 – Curtis (A Coruña)
- Véndense 100 cabezas de ovino, de 2 a 3 anos, por lotes ou xuntas – 629 870 265
- Véndense varios rolos de malla electrificada, a estrear – 679 455 138
- Véndense 100 ovelas – 629 870 265 – Negreira (A Coruña)
- Véndense 5 mallas electrificadas de 50 m a estrear – 686 457 216 – 622 601 093 – Pantón (Lugo)
- Véndense 6 cabras – 981 482 538 – 659 649 710 – Cedeira (A Coruña)
- Véndense cachorros de Mastín de los Pirineos – 649 588 235 – Curtis (A Coruña)
- Véndense cabras de leite de raza Alpina – 605 080 015 – Lobios (Ourense)
- Véndense 10 ovelas en bo estado – 699 515 423 – Begonte (Lugo)
- Véndese rabaño completo de ovelas de leite de raza Assaf: 280 ovelas, cordeiras e machos – 686 206 524 – Vila de Cruces (Pontevedra)
- Véndense 7 cabras e 1 castrón – 650 175 253 – Guitiriz (Lugo)
- Véndese carneiro de raza cárnica de 4 anos – 981 432 033 – Cabanas (A Coruña)
- Véndense cachorros de Mastín e de Border Collie, machos e femias – 676 030 978 – Portomarín (Lugo)
- Véndense cabritas de recría de explotación en ecolóxico – 664 524 486 – Allariz (Ourense)



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 66 MARZO-ABRIL 2011

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo  
Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211  
Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense  
Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)  
Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

## ASEMBLEA XERAL DE OVICA

O pasado 12 de marzo celebrouse en Sarria a Asemblea Xeral Ordinaria correspondente ó exercicio 2010. Nela aprobáronse as solicitudes de altas e baixas de socios/as, expúxose a situación actual da asociación en canto a representatividade do sector en Galicia, aprobáronse as contas do ano 2010 e expuxéronse as actividades realizadas en dito exercicio. Tamén se expuxeron as previsións das contas para o 2011 e as actividades previstas. Explicouse a previsión da campaña da rapa 2011.



A parte dos temas habituais os socios fixeron fincapé nas reivindicacións de OVICA cara a Xunta para a xuntanza co Director Xeral de Conservación da Natureza no mes de marzo.

A Asemblea Xeral serviu ademais como contacto entre gandeiros/as como se puido comprobar durante o xantar, na que se quedaron a maior parte dos asistentes.

## XI XORNADAS TÉCNICAS DE OVICA 2011



O vindeiro 6 de maio terán lugar en Guitiriz (Lugo) as XI Xornadas Técnicas de OVICA. Este ano vanse centrar na xestión e implantación de pastos e na imprescindible xestión técnico – económica das nosas ganderías.

Pola mañá teremos unha charla sobre a importancia da obtención de boas pradeiras e os métodos de xestión axeitada das mesmas, a cargo dun técnico de Fertiprado, unha empresa dedicada a obtención de sementes de pradeiras, que nos amosará exemplos de implantacións de pradeiras de gramíneas e leguminosas en distintas zonas en Galicia.

Despois teremos unha mesa redonda con membros da Universidade de Santiago de Compostela e do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo para debater sobre datos do sector e sistemas sinxelos de anotación de datos. Despois de xantar teremos unha visita guiada a estación experimental de gandería de montaña Marco da Curra, na que veremos algúns exemplos e discutirase sobre o terreo os temas tratados durante as charlas e as distintas solucións de manexo que se propoñen neste centro experimental.



CAIXA RURAL GALEGA

## RAZA SALZ

A Salz é a única raza sintética española recoñecida no Catálogo Oficial de razas de ganado de España. Debe o seu nome á localidade onde se está a explotación na que foi obtida, Ontinar de Salz (Zaragoza).

A súa creación produciuse o longo do período 1973-80 a partires de cruzamentos entre ovelas de Rasa Aragonesa e sementais Romanov. O esquema foi dirixido co fin de obter animais de alto rendemento reproductivo (en termos de precocidade sexual, desestacionalización e prolificidade), capacidade de adaptación ás zonas de explotación ovina da rexión e características de canal e carne que responderan ás esixencias do mercado tradicional de Ternasco de Aragón.



Ovellas Salz - Foto: MARM

### Creación da raza

Partiuse de dúas liñas de sementais Romanov non emparentadas entre si e contouse con dous rabaños de 300 ovelas de Rasa Aragonesa. Cruzáronse durante 6 xeracións co fin de fixar aqueles caracteres interesantes e de uniformar os animais obtidos e finalmente, os animais resultantes foron multiplicados e distribuídos entre as explotacións que fixeron parte do programa de multiplicación. Durante todo o proceso controláronse as principais características productivas para desbotar aqueles animais que aínda expresaban algún parecido cas dúas razas de orixe.

### Características productivas e sistemas de explotación

Animais sen cornos, de tamaño mediano (machos: 70-80 Kg; femias: 50-55 Kg). De la entrefina e cor branco. A raza conta na actualidade cun censo próximo ás 7.000 cabezas, integradas nunha trintena de explotacións, situadas en diversos concellos da provincia de Zaragoza no val do Ebro e en zonas de regadío das provincias de Huesca e Teruel.

Podemos ver na seguinte táboa, algunhas das principais características comparando a raza Salz, cas outras dúas razas orixinais:

Prolificidade e pesos das distintas razas				
Raza	Prolificidade	Peso ó nacemento	Peso ós 30 días	Peso ós 90 días
Saltz	1,92	2,8	8,4	23,8
Aragonesa	1,23	3,3	9,3	23,0
Romanov	2,91	2,5	7,5	20,8

A raza Salz, tal e como foi deseñada, caracterízase pola súa marcada precocidade sexual (primeiro parto ós 12-13 meses de idade); ten unha plena desestacionalidade reproductiva (3-5 épocas de cubrición/ano); alta fertilidade (77-86%) e prolificidade (1,9-2,1).

Ademais engádense a estas características a elevada capacidade leiteira e excelente instinto maternal, a boa rusticidade, o que facilitan o seu manexo. Dirixida á produción de carne, explótase nun réxime maioritariamente semi-intensivo, con estabulación permanente das nais ata o destete ( $\approx$  45 días) e dos cordeiros ata o seu sacrificio ós 75-90 días, proporcionando canais tipo ternasco.

Os interesados/as nesta raza pódense dirixir ós técnicos de OVICA para ampliar esta información.

## A OPINIÓN DE OVICA

O pasado 23 de marzo OVICA mantivo unha reunión co Director Xeral de Conservación da Natureza, D. Ricardo García-Borregón Millán, para tratar a problemática dos danos de lobo e mirar a continuidade da colaboración da Consellería do Medio Rural para manter unha liña de axuda para o programa de cría de cans mastíns. Estamos á espera de concretar dita colaboración.

A parte destes pequenos traballos de colaboración, a Consellería do Medio Rural ven levando unha política que deixa sen ningún apoio ós gandeiros/as do noso sector. As axudas directas lanzadas no pasado "chequeo médico da PAC" (2008) non foron debidamente defendidas e adaptadas á situación galega, deixando fora do cobro desa prima a tódolos gandeiros de ovino – caprino de Galicia. Concretamente, as "axudas destinadas a agricultores/as de ovino e cabrún cuxas explotacións se orienta á produción de carne, co fin de compensar as desvantaxes específicas ligadas á viabilidade económica deste tipo de explotación" e que o ano pasado supuxeron ó redor de 5 € por animal, non se puideron cobrar xa que os requisitos para que os nosos gandeiros/as as cobren están pensados para as grandes entidades do centro e sur de España e non para as pequenas producións dos gandeiros/as galegos.


Ademais da inactividade na defensa do sector, durante o ano 2010 e nestes inicios de 2011 vimos o incremento das inspeccións ós gandeiros, moi especificamente ós solicitantes das axudas do Contrato de Explotación Sustentable.

Xa para rematar, parece que esta administración non aposta polo futuro da gandería, xa que, aínda que a Unión Europea ven facendo moitos esforzos para manter, dotar de orzamentos e promover as liñas de axuda agroambientais, a actual Consellería do Medio Rural o único que fai é limitar, entorpecer ou inclusive (como no caso do CES) eliminar estas axudas.



# VÉNDENSE

## CORDEIROS/AS DE OVELLAS TEXEL (HOLANDA)



**CHAMAR Ó: 627 50 51 07**

OVICA segue tamén a reclamar maior presenza na mesa de deseño de políticas gandeiras e pensamos que aínda que a nova PAC semella que vai promover os sistemas productivos como os nosos (baseados na superficie agrícola), teremos que realizar unha función de supervisión da Xunta xa que a aplicación práctica pode levar a moitos problemas para os nosos gandeiros/as.

### A Directiva de OVICA

Queremos que este sexa un espazo para todos no que os socios e a asociación poidamos expresar as nosas ideas e debater sobre temas de interese.

**Esperamos as vosas opinións!**

### CURSO DE CANS PASTORES

Enrique Gutiérrez organiza un curso de cans de pastoreo no que os participantes poderán traer o seu can para recibir as clases de adestramento (inscrición e pago de cota). O curso está tamén aberto a todo o público que se queira achegar a Boimorto (A Coruña) os días 27, 28 e 29 de maio. Vaise contar con Emanuel Freitas, presidente da asociación portuguesa de cans pastores. Máis info. no 620 29 59 20